



CONVOCATORIA DE PRENSA

Presentación da programación completa do 34º Festival Internacional Outono de Teatro

**Xoves, 4 de setembro, ás 19.30 horas,
no Pazo da Cultura de Carballo**

ACTO ABERTO AO PÚBLICO

**Como novidade neste 2025, o espectáculo ‘Un baile ceibe’,
de Fran Sieira Compañía de Danza, poderá verse no Pazo
da Cultura de Carballo este xoves, 4 de setembro, a partir 19.30h,
durante o acto de presentación do #FIOT34, con entrada libre para
todos os públicos ata completar a capacidade da sala**

Carballo, 29 de agosto de 2024.- O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, o **FIOT**, presentará o vindeiro xoves, 4 de setembro, a programación completa da súa **34ª edición**. A cita será a partir das 19.30 horas no Auditorio do Pazo da Cultura e contará coa participación dos representantes do Concello de Carballo, a dirección do festival e as entidades patrocinadoras (Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Fundación Luis Calvo Sanz), que estarán acompañados por socios de Telón e Aparte, compañías e artistas participantes, prensa e convidados. O acto está aberto a todos os públicos que desexen sumarse, xa que, como novidade neste 2025, o espectáculo **Un baile ceibe**, de Fran Sieira Compañía de Danza, poderá verse no Pazo da Cultura de Carballo durante o acto de presentación do #FIOT34, con entrada libre ata completar a capacidade da sala, este xoves, 4 de setembro, a partir das 19.30h.

Prégase confirmación de asistencia.

CONVOCATORIA DE PRENSA

DATA: venres 6 de setembro

HORA: 19.30 horas

LUGAR: Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo (rúa do Pan, s/n)

ACTO: Presentación da 34ª edición do FIOT de Carballo e o seu programa completo

Coa representación especial da función *Un baile ceibe*, de Fran Sieira Compañía de Danza

ENTRADA LIBRE PARA TODOS OS PÚBLICOS ATA COMPLETAR A CAPACIDADE DA SALA



SOBRE O ESPECTÁCULO

Un baile ceibe é unha peza coreográfica para espazos non convencionais de 25 minutos de duración, con dirección artística de Fran Sieira e Sergio R. Suárez. Executada por catro intérpretes, conta con música de MounQup (Camille Hedouin), a partir de cancións de Carlos Quintá, e coa colaboración de Úrsula Rial. O vestuario é de Vestuario de Érica Oubiña, cunha colaboración especial de Eferro.

Un baile ceibe traballa sobre o xénero e as súas maneiras de operar en diferentes ámbitos da cotianidade, incluíndo, por suposto, unha manifestación cultural tan importante como o baile tradicional galego. Trátase de entender que é o xénero para nós como individuos, como colectivo e tamén como sociedade. A peza peflexiona sobre as categorías de xénero e os seus estereotipos impostos socialmente, para establecer distancia coa normatividade e arrastrala cara ás marxes, cara á disidencia, para, desde aí, propoñer e construír novas formas de entender o corpo e o movemento. Asimesmo, Cuestiona as identidades de xénero normativas e hexemónicas, para comprender e compartir que o xénero opera sobre todos os corpos, e así poder abordar o tema desde unha perspectiva feminista e en relación coas cuestións LGTBIQ+.

Con esta presentación, O #FIOT34 da un paso máis na súa posta en valor da raíz, a súa apertura aos proxectos participativos –coa organización dun obradoiro previo impartido pola compañía de Fran Sieira con bailadores e bailadoras da zona de Carballo, que participarán, tamén, nesta presentación do xoves 4 de setembro no Pazo da Cultura- e a súa aposta pola apoio e a visibilización do talento galego.

CONTACTO DE PRENSA FIOT

Luisa Castiñeira

Tel. 620 113 155

comunicacion@fiot.gal

SALA DE PRENSA FIOT

<https://cutt.ly/kit-prensa-FIOT34>

MÁIS INFORMACIÓN

www.fiot.gal